



CONCENTRACIÓN DE UGT E CCOO RECLAMANDO PARA O PERSOAL DO CGSIB EQUIPARACIÓN DE DEREITOS LABORAIS E SALARIAIS CO PERSOAL DA XUNTA DE GALICIA



O día 28 de xuño UGT e CCOO reclamaron para o persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a urxente necesidade de que a Xunta de Galicia proceda dunha vez por todas a homologación dos empregados e empregadas públicos que prestan o seu servizo no Consorcio, co resto do persoal autonómico.

Logo de ter aprobada a Lei de ordenación e funcionamento da administración xeral da Xunta de Galicia (LOFAXGA), logo de ter aprobado o Decreto de creación da Axencia Galega de Servizos Sociais; e manter unha ruta clara ao longo destes últimos anos, ou a lo menos así se nos fixo chegar ás Organizacións Sindicais, agora a Xunta de Galicia non é quen de clarificar as intencións que ten de futuro para o persoal que presta os servizos no Consorcio.

UGT e CCOO conxuntamente reclamamos:

- Equiparación en dereitos laborais e salariais ao resto do persoal laboral da Xunta de Galicia para os traballadores e traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
- Apertura de listaxes de agarda e sistema transparente e público das mesmas.

A sinatura do Convenio entre a FEGAMP e a Xunta de Galicia ven a solucionar os atrancos das arcas municipais pero esquecese da parte máis importante para a prestación dun servizo público de calidade, non poñendo en valor o traballo dos empregados e empregadas públicas.

Débese destacar que a Xunta de Galicia considera aos traballadores e traballadoras do Consorcio como persoal de segunda categoría.

Trasladando todas as peticións ao grupo parlamentario do PSOE co fin de que sexan expostas en sede parlamentaria ao Goberno da Xunta de Galicia.

